



## **FUNCIONAMENTO DA AULA TALLER “ RESTAURANTE MANUEL BLANCO”**

A actividade no restaurante Manuel Blanco do Departamento de Hostalería do C.I.F.P. Manuel Antonio depende da planificación interna das clases do alumnado.

**Durante o 1º e 2º trimestre**, é dicir, ata finais do mes de marzo cóntase con:

### **- Servizo de Almorzo:**

- De LUNS a VENRES
- Horario de funcionamento será o seguinte:
  - Apertura: 14,10 Horas
  - Remate de entrada de Clientes: 14,20 Horas
  - Remate da actividade: 15,40 Horas

- ✓ Prezo por servizo será de 10 € (auga e pan incluídos, viño aparte).
- ✓ Realizaranse menús especiais para mesas a partires de 12 comensais, previa reserva no departamento.
- ✓ Departamento de Hostalería e Turismo do C.I.F.P. Manuel Antonio non se fai responsable do/s día/s que por razóns ou motivos imprevistos o funcionamento do restaurante non poda ser o normal.
- ✓ A suspensión do servizo notificarase o antes posíbel aos comensais que tivesen reservada con tempo a súa mesa; para isto compre, no momento de efectuala reserva, facilitar os seguintes datos:
  - Apelidos e nome
  - Teléfono de contacto
  - Número de comensais

**No 3º trimestre o horario de funcionamento modifícase.**

O Departamento de Hostalería, Turismo e Industrias Alimentarias